

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 15 de xullo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día quince de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(719).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(720).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 121736/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/07/16, dáse conta do informe-proposta do 13/07/16, do xefe da área de Benestar Social, conformado polo asesor xurídico adxunto da área, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 26.05.2016 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social, en coordinación co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación emitido polo Xefe de Área de Benestar Social o 24.05.2016.
- Resolución da Concelleira de Política Social do 26.05.2016 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo traballadora social responsable do Programa, a Xefa do Servizo, o Xefe de Área e a Concelleira de Política Social o 26.05.2016.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación, asinado pola TAX do servizo de Contratación o 12.07.2016.
- Informes favorables ó PCAP da Asesoría Xurídica municipal do 29.06.2016 e 12.07.2016.

## I. NORMATIVA RELACIONADA

- *TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).*
- *RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.*
- *TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).*
- *RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.*
- *L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.*

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (DOG nº 22 do 02/02/2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo (BOP nº 14 do 22/01/2010).
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vigo.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que ten por finalidade prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

III.2. De acordo co disposto no Art 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos municipais. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 26.05.2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 109 do TRLCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola xefatura de Área de Benestar Social e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefatura de Contratación.

III.4. Tendo en conta a súa contía (4.978.848 €/ano, IVE incluído), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto.

III.5. En cumprimento do disposto nos artigos 115, Disposición adicional segunda, Apdos. 7º e 8º do TRLCSP e Disposición adicional oitava da LRBRL, emitiuse pola Asesoría xurídica do Concello de Vigo os días 29.06.2016 e 12.07.2016 informes favorables ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

III.6. O Art. 109.3 do TRLCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.7. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, pfo. 3º, do TRLCSP. A resolución, segundo o Art. 110.1 do TRLCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

*PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 12 de xullo de 2016 e a demais documentación necesaria.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (4.978.848 €/ano, IVE incluído), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais ("Prestación servizo de axuda no fogar") dos orzamentos municipais e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:*

- 2016: 1.244.712 €
- 2017: 4.978.848 €
- 2018: 4.978.848 €
- 2019: 4.978.848 €
- 2020: 3.734.136 €

*TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».*

##### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(721).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DO SERVIZO APARCADOIRO PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, do xefe do servizo administrativo-secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*"Constatada pola mesa de Contratación que a Xunta de Goberno celebrada o 27 de maio de 2016 desestimou as alegacións presentadas pola empresa Empark Aparcamientos y Servicios S.A.*

##### LEXISLACIÓN APLICABLE

*Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

*Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449).

### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de abril de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto a) para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)” no seguinte orde decrecente:*

<b>Empresas</b>	<b>Puntuación total</b>
1. SABA APARCAMIENTOS, S.A.	78,86
2. INTERPARKING HISPANIA, S.A.	77,04
3. EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A.	68,4
4. CONTINENTAL PARKING, S.L.	64,63
5. UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	61,19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SABA APARCAMIENTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.416,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar Saba Aparcamientos, S.A., o día 03 de maio de 2016, que presenta a documentación requirida en data 12 de maio 2016, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 08 de xuño de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, Saba Aparcamientos, S.A., é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do

contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Saba Aparcamientos, S.A

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Saba Aparcamientos, S.A o procedemento **aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449)** coas seguintes prestacións adicionais:

- Un 16,67 % de diminución do importe da tarifa minuto máxima fixado na cláusula 8 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcamento.

-Un 60 % de diminución do importe dos abonos mensuais de automóviles previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar ós residentes.

- Un 55 % de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóviles na cláusula 8 PCAP.

- Un 8,33 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 60 minutos.

- Un 100 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 15 minutos.

- Un 79,61 % porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 35,92 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes.

- Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 en 5.000 euros/ano.

- Un 85 % de diminución do importe fixado para o abono mensual de motocicletas na cláusula 8 PCAP.

- Un un 90 % de diminución do importe dos abonos mensuais de motocicletas previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar ós residentes.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(722).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE ENCOMENDA DE FUNCÍONS 1º TRIMESTRE-2016 DE DON MANUEL BUENO HEREDIA. EXPTE.: 73/105.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/07/16, dáse conta do informe-proposta do 22/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES**

*1.- En data 07/09/2015, o Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal dicta instrucción de servizo pola que, vista a solicitude de reincorporación ao servizo realizada polo funcionario D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, conductor-bombeiro adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS); e considerados tanto o informe do oficial subxefe do SEIS, indicando a ausencia de opcións de adaptación do posto de traballo no Servizo indicado, así como o parte de alta expedido por facultativo dos servizos públicos de saúde con data de hoxe, 07/09/2015, e efectos da mesma data;*

*Sendo vontade desta Concellería-delegada de Área que o efectivo D. Manuel Bueno Heredia preste*

*servizos na mesma como funcionario, baixo as directrices e segundo as instrucións que pola mesma se proporcionen, a fin de prestar apoio especializado en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento, dada a complexidade que presenta o servizo indicado e coa finalidade de mellora na xestión do mesmo;*

*Pola presente e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/05/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data; e nos termos do establecido no artigo 165 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, dispoño:*

*“Ordenar ao Servizo de Recursos Humanos que se proceda á realización dos trámites administrativos necesarios para asignar ao efectivo D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13,899, á Concellería-delegada de Área de Xestión Municipal, a través da adaptación do posto de traballo que proceda, encomendándolle as seguintes funcións,*

*sempre que sexa legalmente viable:*

*-asesoramento especializado á Concellería-delegada en materia de prevención e extinción de incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*

*-intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*

*-aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordos e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseqüente outorgamento do mesmo.*

*Prégaselle a máxima prioridade na xestión da presente instrucción do servizo”.*

*2.- Na mesma data emítese informe por parte da xefatura do Servizo de Recursos Humanos, no cal se indica que:*

*“Vista a instrucción do servizo urxente dictada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal na data de hoxe, 07/09/2015; e vista a documentación obrante no expediente administrativo nº 27.012/220, pola presente infórmase o seguinte:*

*Consta no expediente administrativo indicado solicitude de reincorporación ao servizo realizada polo funcionario D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, conductor-bombeiro adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) en escrito de data 01/09/2015 (documento administrativo nº 150111190).*

*Consta informe emitido polo oficial subxefe do SEIS, en data 03/09/2015, indicando a imposibilidade de opcións de adaptación do posto de traballo ao efectivo indicado no propio Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) e aconsellando a reubicación do mesmo e outros servizos municipais en tanto no exista posibilidade de adaptación no Servizo.*

*Consta parte de alta médica expedido por facultativo dos servizos públicos de saúde con data de hoxe, 07/09/2015, e efectos da mesma data.*

*Consultado o expediente persoal do interesado, consta que no ano 2013 realizouse unha adaptación de posto de traballo, autorizada por Decreto da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 28/12/2015 (expediente administrativo nº 23.582/220) e previa a realización da correspondente avaliación polos servizos de vixilancia da saúde, sendo declarado NON APTO para o posto de traballo de conductor-bombeiro (v. informe de data 16/11/2011, facultativo D. Manuel López Sánchez, col. nº 36/00006218/08, PREMAP Sociedade de Prevención).*

*Consta instrucción do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 07/09/2015, na cal se ordena:“que se proceda á realización dos trámites administrativos necesarios para asignar ao efectivo D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13,899, á Concellería-delegada de Área de Xestión Municipal, a través da adaptación do posto de*



traballo que proceda, encomendándolle as seguintes funcións, sempre que sexa legalmente viable:

-asesoramento especializado á Concellería-delegada en materia de prevención e extinción de incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

-intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do Servizo de Extinción de incendios e Salvamento.

-aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordes e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo.

*Prégaselle a máxima prioridade na xestión da presente instrucción do servizo.”*

En consecuencia, e visto o anteriormente exposto, por esta Xefatura do Servizo indícase o seguinte:

1.- O artigo 25.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece que os traballadores non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, por mor das súas características persoais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecida, poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas relacionadas coa empresa poñerse en situación de perigo ou, en xeral, cando se atopen manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo. A mesma norma sinala, como criterio xeral, a necesidade de que a adaptación se realice dentro do servizo ou unidade de destino, salvo que exista imposibilidade material de efectuar a mesma, como sucede no presente caso, segundo o informe do servizo de data 03/09/2015.

2.- En calquera caso, a natureza das funcións que se encomenden deberán respetar a ordenación legal do emprego público en corpos, escalas e clases establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 167 a 175) con especial atención ao disposto no artigo 170, en cuxo apartado 1 se sinala que “tendrán la consideración de funcionarios de Administración Especial los que tengan atribuido el desempeño de las funciones que constituyen el objeto peculiar de una carrera, profesión, arte u oficio.”

3.- Por tanto, parecen axustarse ao preceptuado na normativa indicada as funcións propostas na instrucción do servizo de data 07/09/2015, e que serían as seguintes:

a) Asesoramento especializado á Concellería-delegada en materia de prevención e extinción de incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

b) Intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

c) En canto ao desempeño de outras funcións, sinaladas na instrucción como "aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordos e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instruccións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo", deberase avaliar polo órgano competente a necesidade de solicitar a oportuna retención de crédito (RC) á Intervención Xeral Municipal, a fin de garantir o abono daquelas obrigas económicas susceptibles de devengarse durante o presente exercicio económico 2015.

4.- Deberá comunicarse ao persoal técnico de Prevención de Riscos Laborais para a execución das actuacións oportunas en relación coa saúde do efectivo cuxo posto constitúe obxecto de adaptación.

Do cal se deixa constancia aos efectos oportunos."

3.- Á vista da documentación obrante no expediente administrativo, a concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en data 08/09/2015 resolveu:

"Primeiro.- Autorizar a adaptación do posto de traballo de destino do funcionario de carreira D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, condutor-bombeiro con destino no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, en atención á documentación e informes emitidos e incorporados ao expediente administrativo nº 27.012/220, motivado pola imposibilidade de adaptación do posto no propio SEIS, segundo informe do oficial subxefe de data 03/09/2015, así como á súa declaración de non apto para o posto de condutor-bombeiro documentada en expediente administrativo nº 23.582/220, dispoñendo en consecuencia o desempeño de funcións propias de funcionario na Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, baixo as directrices e segundo as instruccións que pola mesma se proporcionen, a fin de prestar apoio especializado en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento, dada a complexidade que presenta o servizo indicado e coa finalidade de mellora na xestión do mesmo; e a tal efecto, encomendar ao funcionario D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, condutor-bombeiro con destino no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, as funcións seguintes, en cuxo exercicio deberá respetarse as indicacións contidas no informe da xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 07/09/2015, concretadas en:

-asesoramento especializado á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en materia de prevención e extinción de incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

-intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

-aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordos e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instruccións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro

do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo.

Terceiro.- Dispoñer a comunicación a Prevención de Riscos Laborais para a execución das actuacións oportunas en relación coa saúde do efectivo cuxo posto constitúe obxecto de adaptación.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ao interesado, Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Concellería-delegada da Área de Seguridade, Tráfico e Mobilidade e Transportes, Xefatura da Área de Réxime Interior, Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social e persoal técnico do Servizo de Recursos Humanos) así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

4.- Por outra banda en data 02/03/2016, asignase a D Manuel Bueno Heredia as funcións de asistencia proactiva ao Presidente e ao Director do Plan de autiprotección do edificio sede do Concello, segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Mobilidade e seguridades

5.- En data 16/06/2015, o Concelleiro de Xestión Municipal asina a seguinte instrución de servizo, (expte 73-105):

“Por Resolución de data 08/09/2015 do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, encoméndaselle ao funcionario D Manuel Bueno Heredia, con Nº de Persoal 13.899 as funcións de :

a) Asesoramento especializado á Concellería-delegada en materia de Prevención e Extinción de Incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

b) Intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

c) Aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordes e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo

Dentro das funcións encomendadas e dentro do apoio especializado a Concellería Delegada da Área, no período xaneiro-marzo de 2016 se ven realizando:

-Atención ao persoal municipal, previo ao seu despacho co Concelleiro da Área.

- Asistencia e reunións co comité de Saude Laboral

- Mantemento de reunións con periodicidade semanal co Comité de Persoal e atención permanente aos representantes sindicais nas propostas, suxestións e queixas que estes realizan.

- *Mantemento de reunións coas xefaturas das distintas areas e servizos municipais, principalmente RRHH.*
- *Asistencia as reunións do Comité de Seguridade e Saude Laboral.*
- *Participación coas Técnicas de Prevención de Riscos Laborais en todo lo relacionado con adaptacion de puestos de trabajo, evaluación de riesgos de diferentes servicios , etc...*
- *Asistencia as reunións do Concelleiro de Xestión Municipal coa Titular da Asesoría Xurídica Municipal sobre asuntos da Area delegada.*
- *Participación en diversas reunións conxuntas de xefaturas de area e servizo municipais (xefatura RRHH, Servizos Xerais, Contratación , Policía Local , etc).*
- *Mantemento de diversas reunións a nivel técnico co RRHH en asuntos relativos a xestión do persoal municipal.*
- *Realización de xestións coa Policía Local para a tramitación do aboamento das retribucións en concepto de produtividade e en especial no desenvolvemento do programa de dispoñibilidade deste servizo.*
- *Participación nas reunións así como a realización do asesoramento especializado en relación coa xestión do vestiario municipal (Servizos Xerais, Intervención, Prevención de Riscos, etc).*

*Por outra banda en data 2 de marzo de 2016, asignase a D Manuel Bueno Heredia as funcións de asistencia proactiva ao Presidente e ao Director do Plan de autoprotección do edificio sede do Concello, polo que o devandito funcionario ven realizando entre outras funcións as de:*

- *Asistencia as reunións do Comité de Autoprotección do edificio consistorial*
- *Realización de proposta de mellora no Plan de autoprotección consistentes na participación na elaboración do pliego de condicións técnicas para a contratación do subministro de :*

*Extintores portátiles de Polvo seco*

*BIES de 20 metros .*

*Hidrantes de superficie e caseta de dotación para hidrante.*

*Sinais fotoluminiscentes con texto identificativo*

*Sistema de de detección/ extinción automática en Centro de Transformación*

- *Realización e seguimento das xestións para a colocación do último tramo de escalera de evacuación*
- *Control e seguimento dos acordos do Comité de autoprotección*
- *Informe periódico aos membros do Comité sobre o estado dos acordos adoptados de la*

*autoproteccion del edificio.*

*- Realización das xestións así como participación na revisión e mantemento dos sistemas antipánico de todas as portas de emerxencia do edificio da Casa do Concello.*

*- Realización da planificación e seguimento das accións a levar a cabo no programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos 2016/ 2017.*

*A realización das funcións e tarefas encomendadas ten como resultado a realización dun exceso de xornada de máis de 60 horas no período xaneiro –marzo 2016, exceso verificable no sistema de control de presencial horaria.*

*Na Resolución de data 08/09/2015 indicase que estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo.*

*En canto a os parámetros obxectivos para o cálculo do importe do complemento de produtividade proposto deberase utilizar os aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30/12/2016 tramitado en expediente administrativo nº 71/105, consistente en:*

*-Exceso de xornada realizado como consecuencia da adicación, interese e rendemento no desempeño do posto de traballo: cómputo do exceso de xornada realizado e non compensado con descansos, en concepto de gratificacións, tomando como referencia o prezo hora de 11,44 euros, calculado segundo vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo .*

*-Mensualidade do complemento de destino do posto de traballo, como consecuencia dunha adicación extraordinaria máis aló do esixible a un posto de traballo de conductor- bombeiro en adaptación de funcións, ao ser este concepto retributivo o inherente á progresión profesional acadada na carreira administrativa dos empregados/as públicos segundo o marco legal vixente (RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e normativa concordante aplicable) concretado nun importe de 353,43 euros/mes.*

*En consecuencia ordease, que pola Area de Recursos Humanos e Formación, se realice a tramitación de expediente de aboamento de complemento de produtividade, dacordo os criterios anteriores en atención ao especial rendemento, dedicación e interese acreditado no desempeño das funcións encomendadas do funcionario D Manuel Bueno Heredia.”*

### MOTIVACIÓN

*I.- As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que:*

*“Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurren circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

a) Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo

b) Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.

2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.

3. Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

4. Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

No apartado terceiro a) recollense as circunstancias nas que procedería o aboamento de complemento de produtividade por acumulación de funcións correspondentes a dous postos de traballo, suposto non aplicable ao funcionario para o cal se ordea a instrución de expediente de aboamento de complemento de produtividade xa que as funcións encomendadas son o resultado dunha adaptación de puesto, dada á súa declaración de non apto para o posto de condutor-bombeiro documentada en expediente administrativo nº 23.582/220, segundo informe da xefatura de data 07/09/2015, anteriormente citado.

II.- Das funcións descritas na Instrución de servizo de data 16/06/2016, dispoñendo a tramitación de expediente de aboamento de complemento de produtividade, dacordo as instrucións de plantilla vixentes en atención ao especial rendemento, dedicación e interese acreditado no desempeño das funcións encomendadas do funcionario D Manuel Bueno Heredia, recollidas na citada instrución e relacionadas coas asignadas segundo resolucions de data 08/09/2015 e 02/03/2016, de asistencia proactiva ao Presidente e ao Director do Plan de autoprotección do edificio sede do Concello, podería desprenderse a súa correspondencia con funcións de diversa condición con respecto ás asociadas ao posto de Condutor Bombeiro, aínda que algunhas poderían non ser susceptibles de considerarse como "acordes e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do

posto de traballo”, excepto aquelas estritamente relacionadas coa súa participación nas reunións do Comité de Seguridade e Saude Laboral, do Comité de Autoprotección do edificio consistorial ou a súa participación coas Técnicas de Prevención de Riscos Laborais na investigación de accidente con grupo autónomo no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

III.- Por outra banda reiterase que nas Instrucións citadas indicase que a Xunta de Goberno Local establecerá, no exercicio das competencias que lle atribúe a normativa de réxime local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, atendendo a criterios de rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito, sendo estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo; debendo contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

IV.- Así mesmo, na Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal de data 07/09/2015 recollese textualmente:

c) En canto ao desempeño de outras funcións, sinaladas na instrución como “aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordes e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo”, deberase avaliar polo órgano competente a necesidade de solicitar a oportuna retención de crédito (RC) á Intervención Xeral Municipal, a fin de garantir o abono daquelas obrigas económicas susceptibles de devengarse durante o presente exercicio económico 2015.

V.- Consta no presente expediente listado de control de presenza no que se contempla a maior adicación horaria resultante da realización das funcións ordenadas polo Concelleiro-delegado de Área, a maiores das propias do posto de traballo de conductor-bombeiro que se desenvolven en adaptación do posto de traballo, polas que xa se abonan as retribucións propias do posto, xa que as adaptacións en senso estrito non poden conlevar perda de retribucións, segundo establece a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba ou réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente non que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece non seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír ou especial rendemento, a actividade extraordinaria e ou interese e iniciativa con que ou funcionario desenvolva ou seu traballo.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral-

da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Tendo en conta as funcións desenvoltas polo funcionario citado no período setembro-décembro 2015, a maior adicación horaria reflexada no exceso de xornada, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que ou funcionario desenvolveu as funcións encomendadas, adicionais ás propias do posto de traballo en adaptación, e utilizando os criterios aprobados pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 30/12/2016 tramitado en expediente administrativo nº 71/105 seguinte:

-Exceso de xornada realizado como consecuencia da adicación, interese e rendemento no desempeño do posto de traballo: cómputo do exceso de xornada realizado e non compensado con descansos, en concepto de gratificacións: 59h 29, tomando como referencia o prezo hora 11.44 €, calculado segundo vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, xenerando un total de 680,68 euros.

-Mensualidade do complemento de destino do posto de traballo, como consecuencia dunha adicación extraordinaria máis aló do esixible a un posto de traballo de conductor- bombeiro en adaptación de funcións, ao ser este concepto retributivo o inherente á progresión profesional acadada na carreira administrativa dos empregados/as públicos segundo o marco legal vixente (RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e normativa concordante aplicable): concretado nun importe de 353.43 euros ano 2016 x 3 meses, daría un total de 1060,29euros.

Deste xeito, o complemento de produtividade a aboar ascendería, da suma dos conceptos obxectivos anteriormente indicados, a un total de 1740,97€

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e previa a conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, elévase á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Outorgar ao funcionario D Manuel Bueno Heredia, (NP 13.899), considerando a proposta efectuada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en data 16/06/2016, acreditando o rendemento extraordinario do dito funcionario no período comprendido entre o 01/01/2016 ao 31/03/2016 no desempeño das actividades e cometidos



*asignados segundo resolucions de data , nos termos da documentación obrante no expediente administrativo e informe-proposta que antecede, un complemento de produtividade, polo desempeño das funcións asignadas segundo Resolucions de data 08/09/2015 e 02/03/2016 por importe de 1740,97€, calculo realizado segundo parámetros obxectivos de asignación aprobados pola Xunta de Goberno, na súa sesión de data 30/12/2016 no expediente administrativo 71/104, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade", .*

*-Exceso de xornada realizado como consecuencia da adicación, interese e rendemento no desempeño do posto de traballo: cómputo do exceso de xornada realizado e non compensado con descansos, en concepto de gratificacións.; tomando como referencia o prezo hora de 11,25 euros, calculado segundo vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo .*

*-Mensualidade do complemento de destino do posto de traballo, como consecuencia dunha adicación extraordinaria máis aló do esixible a un posto de traballo de conductor- bombeiro en adaptación de funcións, ao ser este concepto retributivo o inherente á progresión profesional acadada na carreira administrativa dos empregados/as públicos segundo o marco legal vixente (RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e normativa concordante aplicable).*

*2.-Dar traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(723).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS 4º TRIMESTRE-2015 DE DON ALBINO RODRÍGUEZ FERREIRA. EXPTE.: 4054/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

"En relación co informe da Intervención Xeral de data 01/01/2016 aos expedientes 28044-220,4054-550, 28056-220, 28054-220, 28057-220, 28066-220, 28060-220, 28055-220, 28061-220 no que no apartado IV.- Resultado da fiscalización expon o seguinte:

*“Como resultado das comprobacións efectuadas, esta Intervención fiscaliza favorablemente os expedientes referenciados, facendo as seguintes observacións e recomendacións que, en ningún caso, teñen carácter suspensivo na tramitación dos expedientes:*

*Observacións:*

*No expte. 28061-220 non se incorpora informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.*

*Con carácter xeral, non se acredita unha maior adicación horaria significativa*

*Recomendacións:*

*Tendo en conta o carácter provisional das encomendas de funcións, dado que as mesmas responden a necesidades de carácter coxuntural, recoméndase revisar aquelas resolucións de encomenda cuxa data sexa anterior ao correspondente exercicio orzamentario.”*

*Con carácter xeral, todos os expedientes citados no informe constan con maior adicación horaria, tal e como figura nas relacións de control horario anexadas nos mesmos.*

*En canto a recomendación sobre o carácter provisional das encomendas, dende a Área de Recursos Humanos e Formación entendese que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.*

*Por outra banda, a Intervención Xeral nas conclusións do seu informe de data 31/03/2016 ao expediente 4054-550 expón as seguintes consideracións:*

*“Indicar o feito de que o documento a tramite recolle a proposta de recoñecemento dun incentivo de produtividade aplicado ao período do 4º trimestre do ano 2015, sendo de recorda, e por tanto necesario seguir insistindo en protocolarizar un tratamento harmónico e homoxéneo para este tipo de expedientes de recoñecemento dun complemento de produtividade por encomendas de funcións, ante o cual esta Intervención Xeral formula as seguintes consideracións:*

*A autorización de calquera tipo de gasto é previa a súa execución.*

*Dada a singularidade deste tipo de incentivos, seguindo a liña dos expedientes tramitados para as encomendas de funcións ao longo do ano 2015, a instrución destes expedientes deben ter unha autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas e recoñecemento das obrigas, aínda coa posibilidade da súa eficacia retroactiva se os condicionantes así o esixisen. En todo caso, e con carácter xeral, este tipo de encomendas deben estar intrínscamente vinculadas o marco temporal sobre o que impactan os seus efectos económicos, debendo adaptar a súa vixencia o ciclo anual de operatividade do presuposto municipal.*

*De requirir a situación que se prolonge a encomenda de funcións máis alá do período anual descrito, pode considerarse a prorroga administrativa da mesma, suxeita ao trámite de autorización, fiscalización previa e demais condicionantes xurídicos e económicos que para este tipo de gastos establezan as Bases de Execución en vigor.*

*No expediente que é obxecto de informe, a encomenda foi autorizada en orixe pola Alcaldía-Presidencia en data 26 de outubro de 2010, axustada a normativa interna de esta Administración Local plasmada nas vixentes Instrucción de Plantilla e Rpt para o citado ano prorrogadas tácitamente para o presente ano, o tratarse tal e como se dispon na Instrucción 3ª de acumulación das funcións asinadas o posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, non obstante e dado que o funcionario xa lle foron recoñecidos os abonos trimestrais do ano 2015 anteriores o presente, debe incidirse, sempre que a situación administrativa extenda os efectos o longo do ano 2016, que será requisito obrigatorio a tramitación da previa autorización da encomenda de funcións. En canto a liquidación resultante a favor do funcionario beneficiario do incentivo, o servizo xestor non incorpora dentro da proposta, liquidación concreta e detallada xustificativa do importe efectivamente recoñecido.*

*Así mesmo, hai que homoxeneizar os procedementos que teñan por finalidade dar respostas a situacións ou supostos de natureza xurídica análoga no funcionamento interno de esta Administración Local, sen entrar na particularidade doutros expedientes tramitados con anterioridade, axustábanse ao proceso descrito de: Proposta, autorización previa da encomenda pola Alcaldía, certificación de existencia de crédito, acordo da Xunta de Goberno e posterior liquidación e recoñecemento das obrigas, e coa finalidade en todo caso de evitar a discrecionalidade e certa forma subxectividade na súa adxudicación.*

*A aplicación orzamentaria 9200.1500000 “Produtividade”, non contén crédito de natureza económica axeitada e contía suficiente para facer fronte ao gasto proposto por un importe de 2.206,20 euros, dándose cobertura o*

mesmo ao estar en tramitación a modificación de créditos num 1/RRHH/2016, que incrementara a aplicación de referencia nun importe de 209.128,66 euros

A Xunta de Goberno Local, e o Organo municipal competente para resolver o trámite en execución.

Por canto antecede, esta Intervención fiscaliza de conformidade a proposta contida no expediente de referencia tramitada pola concellalía de Xestión municipal. “

Como se indica no informe proposta de data 16/03/2016, por Resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D.Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, ao estar vacante o posto e ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. No punto Terceiro da devandita Resolución recóllese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente. O nomeamento, de carácter temporal, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura do posto segundo a modificación prevista no regulamento orgánico, circunstancia aínda sen resolver. Inclúense no expediente copia de dita Resolución.

Indicase no informe da Intervencion que sempre que a situación administrativa extenda os efectos o longo do ano 2016, que será requisito obrigatorio a tramitación da previa autorización da encomenda de funcións , entendendo esta funcionaria que a Resolución de data 26/10/2010 mantén a súa vixencia, toda vez que non foi deixada sin efecto por acto administrativo algún ata a data e non se procedeu a cobertura do posto vacante de Presidente do Tribunal Económico Administrativo.

En canto ao non incorporacion dentro da proposta a liquidación concreta e detallada xustificativa do importe efectivamente recoñecido, indicar que no informe proposta de data 16/03/2016 se recolle que :

“Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc o funcionario disfrutou de vacacións nos períodos do 9 ao 22 de novembro e do 2 ao 14 de decembro de 2015 así como asuntos propios do 21 ao 31 de decembro de 2015 (6 días), a cantidade a percibir no período sinalado serían as seguintes, tendo en conta a diferenza retributiva en canto a complemento de destino e específico existente entre o posto Codg Rtb 284.- Presidente organo reclamacións económico administrativo e o posto Cod Rtb 70 Técnico Recursos e Programas, posto ao que se atopa adscrito o referido funcionario

N.P.	Nome	Período	Importe
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/10/2015-31/12/2015	2.206,20 €

En relación co tratamento homoxeneo dos expedientes administrativos relacionados coas encomendas de funcións realizadas a funcionarios ao amparo do disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinalar que dende o ano 2012, todos eles foron tramitados de acordo as instrucións de plantilla e as bases de execución do orzamento vixentes en cada momento, sendo as cantidades de aboamento propostas calculadas en función do recollido nas Instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010.

No presente caso, no punto Terceiro da devandita Resolución recóllese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A., en concepto de produtividade **e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla**, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.

En consecuencia, e considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

No CUARTO trimestre de 2015, atopábanse vixentes, entre outras:

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D.Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, ao estar vacante o posto e ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, no punto Terceiro da devandita Resolución recóllese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.

Así mesmo, o nomeamento, de carácter temporal, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura do posto segundo a modificación prevista no regulamento orgánico, circunstancia aínda sen resolver.

Inclúense no presente expediente copia da Resolución mencionada.

Recíbese expediente 4054-550.- Informe produtividade do 4º trimestre do 2015 de Albino Rodríguez Ferreira do T.E.A.C.V.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e

consequente entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

- Forma parte do expediente 4054-550 informe pormenorizado no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Como xa se citou anteriormente , no punto Terceiro da Resolución de data 26/10/2010

recóllese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.

Deste xeito, no expediente 12625-77 nclúense informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformado polo concelleiro da Área.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc o funcionario disfrutou de vacacions nos períodos do 9 ao 22 de novembro e do 2 ao 14 de decembro de 2015 así como asuntos propios do 21 ao 31 de decembro de 2015 (6 días), a cantidade a percibir no período sinalado serían as seguintes, tendo en conta a diferenza retributiva en canto a complemento de destino e específico existente entre o posto Codg Rtb 284.- Presidente organo reclamacions economico administrativo e o posto Cod Rtb 70 Técnico Recursos e Programas, posto ao que se atopa adscrito o referido funcionario

N.P.	Nome	Período	Importe
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/10/2015-31/12/2015	2.206,20 €

Compártense os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que debería proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas á clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

*Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.*

*Na solicitude de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Outorgar ao funcionario D.Albino Rodriguez Ferreira, con nº de persoal 77274, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas no período 01/10/2015-31/12/2015, segundo resolución de data 26/10/2010, por importe de 2206.20€*
- 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 2206.20 en concepto de produtividade a favor do funcionario D.Albino Rodriguez Ferreira, con nº de persoal 77274 con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(724).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS 1º TRIMESTRE-2016 DE DON JESÚS LÓPEZ MOURE. EXPTE.: 28044/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, polo

concelleiro-delegado de Xestión Municipal e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

*"En relación co informe da Intervención Xeral de data 01/01/2016 aos expedientes 28044-220, 4054-550, 28056-220, 28054-220, 28057-220, 28066-220, 28060-220, 28055-220, 28061-220 no que no apartado IV.- Resultado da fiscalización expon o seguinte:*

*"Como resultado das comprobacións efectuadas, esta Intervención fiscaliza favorablemente os expedientes referenciados, facendo as seguintes observacións e recomendacións que, en ningún caso, teñen carácter suspensivo na tramitación dos expedientes:*

*Observacións:*

*No expte. 28061-220 non se incorpora informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.*

*Con carácter xeral, non se acredita unha maior adicación horaria significativa*

*Recomendacións:*

*Tendo en conta o carácter provisional das encomendas de funcións, dado que as mesmas responden a necesidades de carácter coxuntural, recoméndase revisar aquelas resolucións de encomenda cuxa data sexa anterior ao correspondente exercicio orzamentario."*

*Con carácter xeral, todos os expedientes citados no informe constan con maior adicación horaria, tal e como figura nas relacións de control horario anexadas nos mesmos.*

*En canto a recomendación sobre o carácter provisional das encomendas, dende a Área de Recursos Humanos e Formación entendese que debería procederse a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.*

*En consecuencia e considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares:*

*Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área", ao funcionario D Jesús López Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que "as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder*



eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda”

*Dita encomenda terá validez ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, polo que ata a data atopase vixente.*

*Recíbese neste servizo expediente 708-330.- Aboamento complemento de produtividade para o Xefe do Servizo de Xestión e promoción cultural por encomenda de funcións correspondente ao 1º TRIMESTRE 2016.*

*A produtividade que se esta a tramitar ten orixe na Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 19/07/2011 pola que se encomendan ao funcionario D Jesús López Moure, (Nº de persoal77210), non deixada sin efecto mediante acto administrativo posterior nin que ata a data realizárase a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento*

*retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*

*Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*

*–Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e*

*responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*–Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*En todo caso, retribuirase:*

- Acumulacion de funcións de dous postos de traballo por motivos de urxencia*

*A actividade e dedicación extraordinaria derivada da realización temporal das funcións atribuídas a outro posto de traballo distinto do o que esta adscrito e que se atope vacante ou o seu titular atopese ausente, por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados e sempre que resulten axeitadas a súa clasificación, grao o categoría profesional.*

*Deberá ser autorizada previamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, segundo proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concellero/a Delegado/a da área correspondente, na que se xustifique a necesidade e urxencia da mesma.*

*Para a realización da proposta de outorgamento do complemento de produtividade, será imprescindible a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe do Xefe do Servizo no que se que xustifique o complemento, no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, a avaliación do desempeño das mesmas segundo indicadores definidos e acreditación da maior adicación horaria. Dito exceso de xornada non poderá ser compensado con descansos ou economicamente .*

*En ningún caso poderase acumular postos de inferior categoría e con carácter xeral a súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.*

*Non terán carácter retroactivo a efectos do aboamento do complemento de produtividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice.”*

*En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.*

*A realización tera carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas*

*Aboarase o por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado, que en ningún caso será fixo na súa cuantía nin periódico no seu devengo, tendo carácter temporal, durante o período que dure a causa que a orixina o sexa autorizado e a súa contía.*

*En ningún caso será fixo na súa cuantía nin periódico no seu devengo, tendo carácter temporal durante o período que dure a causa que a orixina o sexa autorizado*

*Deste xeito, no expediente 785-330 inclúense informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, asinado polo respectivo concelleiro da Área.*

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc (dous días vacacións 3 catro de asuntos propios), a cantidade a percibir no período 01/01/2016-31/03/2016 serían as seguintes, tendo en conta o importe do complemento de destino do posto acumulado (Codg Retributivo 179.- Técnico/a de xestión):

N.P.	Nome	Período	Importe
77210	López Moure, Jesús	01/01/2016-31/03/2016	1.752,24 €

Compártense os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Asi mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestruturación de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas á clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Asi mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

Na solicitude de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas

*amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Outorgar ao funcionario D Jesús López Moure, con NP 77210 , un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolución de data 19 de xullo de 2011 do Concelleiro de Xestión Municipal no primer trimestre do ano 2016, por importe de 1.752,24 €*

*Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1.752,24 € en concepto de produtividade a favor do funcionario Jesús López Moure, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(725).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS 1º TRIMESTRE-2016 DE DONA RAQUEL ABALDE COMESAÑA. EXPTE.: 28054/220.**

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO:

Primeiro(733).- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, correspondente ao mes de Maio-2016, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 358,53 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

## ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	111,67 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	123,43 €
IMPORTE TOTAL.....		358,53 €

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(733).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DOS SERVIZOS DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO-2016. EXPTE.: 28270/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Recíbense no servizo de Recursos Humanos, en datas 7 e 8/06/2016, asinadas polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de **Maio-2016**. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 28174/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.*

*En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos*

*permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*



*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral– da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras e do Parque móbil que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **A C O R D O :**

*Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria*

920.0.150.00.00- "Produtividade", por importe de 783,96 €, correspondente ao mes de Maio-2016.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXOS:

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	62,04 €
81662	Barros González, Delio	95,88 €
17360	Bastos Román, Jesús	95,88 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	90,24 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	90,24 €
<b>TOTAIS</b>		<b>434,28 €</b>

SERVIZO DO PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	45,12 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	78,96 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	90,24 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	90,24 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	73,32 €
13221	Prieto Domínguez, Florentino	5,64 €
<b>TOTAIS</b>		<b>349,68 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(734).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO-2016. EXPTE.: 28271/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Con data 31/05/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Maio-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuales, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 30/05/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Maio de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.*

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

“**Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos

informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Maio-2016**, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(735).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO-2016. EXPTE.: 28273/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 31/05/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de

*cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Maio-2016**, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 31/05/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante*

*un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral– da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **A C O R D O :**

***Primeiro.-*** *Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao*

servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de **Maio-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de **1.108,34 €**.

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,67	20	73,40 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,67	22	80,74 €
13600	Cabaleiro González, José	3,67	22	80,74 €
77225	Cid González, Alberto	3,67	22	80,74 €
82216	Comis González, Esteban	3,67	21	77,07 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,67	21	77,07 €
82456	Costas Villar, Alberto	3,67	16	58,75 €
79828	Cousiño Sendín, M <sup>a</sup> Concepción	3,67	21	77,07 €
78924	González Seijo, Antonio	3,67	20	73,40 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,67	21	77,07 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,67	21	77,07 €
82187	Quintas Pérez, José Juan	3,67	15	55,05 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,67	20	73,40 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,67	19	69,73 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,67	21	77,07 €
		<b>Importe total</b>	<b>280 días</b>	<b>1.108,34 €</b>



**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(736).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICIA LOCAL CON MOTIVO DA "CONMEMORACIÓN DA RECONQUISTA". EXPTE.: 28314/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"A Policía Local remite con data 13.06.2016 a esta oficina de Recursos Humanos, oficio relacionando os funcionarios que con motivo da "Conmemoración da Reconquista", prestaron servizos de Gran gala, e no que informa que dito servizo realizouse fora da xornada ordinaria de traballo e que a súa duración foi superior a 5 horas.*

*Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2010 vigente, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe, unha vez actualizado o seu importe dacordo ao art 19.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.*

- Actos de máis de 4 horas de duración: 119,77 €.

- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,86 €.

Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:

<b>Nº Persoal</b>	<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Importe</b>
22250	Conde Vázquez, Manuel	119'77 €
76476	Vicente Ferreira, José Ignacio	119'77 €
21025	González García, Katia María	119'77 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	119'77 €
	<b>TOTAL.....</b>	<b>479,08 €</b>

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO:**

*"Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da "Conmemoración da Reconquista", aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo Intendente da Policía Local, con*

data 13/06/2016 e que comenza por don Manuel Conde Vázquez e remata por don Manuel Barciela Rivera, relación que de seguido se especifica, polas cantidades que corresponden a cada un deles e por un total de 479,08 € (catrocentos setenta e nove euros con oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
22250	Conde Vázquez, Manuel	119'77 €
76476	Vicente Ferreira, José Ignacio	119'77 €
21025	González García, Katia María	119'77 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	119'77 €
	<b>TOTAL.....</b>	<b>479,08 €</b>

“

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(737.- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICIA LOCAL CON MOTIVO DO ACTO "VIGUESES DISTINGUIDOS". EXPTE.: 28316/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, da técnica de Formaión e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Policía Local remite con data 13.06.2016 a esta oficina de Recursos Humanos, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do acto de “Vigueses Distinguidos”, prestaron servizos de Gran gala, e no que informa que dito servizo realizouse fora da xornada ordinaria de traballo e que a súa duración foi superior a 5 horas.*

